

VIEIROS

Cartafof


Xestionado por [Héitor Mera](#)

Uxía Casal: Vidas exemplares

Exemplaridade narratolóxica

Vidas exemplares

Uxía Casal

Xerais, Vigo, 2006. 154 páxs., 14,30 

Nova entrega de relatos da escritora compostelá Uxía Casal. Parece que se move ben no xénero porque despois de sacar no seu momento aquel *Saturno tamén é Deus* (1997), obséquianos esta vez coas súas *Vidas exemplares*; exemplo de destreza e saber facer narratolóxico.

Poden sacarse moitísimas influencias da lectura destes trelatos de Casal, pódese atribuír tal ou cal efecto, técnica ou xiro ao autor que se queira, dende Lovecraft até Cid Cabido, mais do que non queda ningunha dúbida é de que todas estas achegas das que bebe a autora son ben xestionadas e aproveitadas para o seu propio maxín literario: isto non é ningunha imitación barata. É a forza do saber ler e as táboas literarias.

- 11:18 19/12/2006

Ao longo dos vinte e un relatos dos que se compón o libro, destacamos a capacidade de sorpresa e marabillamento coa que mantén en vilo ao lector. Faltábanos algo así dende hai tempo. Unha lectura tipicamente misteriosa, nalgún caso mesmo terrorífica enganduxada ao efecto sorpresa e inesperado que provoca o paro do lector.

Vidas exemplares non só presenta a uns personaxes e unhas situacións marcadas por algún feito fantástico ou raiano na ciencia-ficción, misterio ou terror; senón que os relatos serven para que o lector se pare a pensar. A pensar nas posibilidades e límites do ser humano, pensar nas súas miserias, extremos, e capacidade de reacción. As reacción de moitos personaxes ante a acción que se lles presenta non é necesariamente a esperada polo lector, pero tampouco é unha elección que se vaia ao inverosímil, a escolla é sorprendente, pero sabía en canto nos amosa unha maneira de actuar que ben se pode asovciar con elementos exteriores que as provocan e que poden ser determinantes á hora de valorar a lectura. Non é o máis superficial, necesariamente, o que nos debe chamar a atención destes relatos; moi polo contrario hai estratos dos que a autora se serve para combinar, xogar e facer pensar que raios pasa para que esas vidas, eses personaxes e, por extensión, esa humanidade actúe da maneira que actúa para resolver os conflitos. Aínda que non pretende ser máis que unha lectura dixerible, e abofé que o é, non por iso deixa de ser profunda e proveitosa. *As Vidas exemplares* de Uxía Casal é unha das publicacións interesantes deste inverno. Bagaxe literaria, estilo conciso e coidado e unha inspiración acertada fan que celebremos esta obra como lectura a ter en conta.

[mércao en Andel](#)

